XUNTA DE GALICIA
REXISTRO PORTELO ÚNICO
Copia
- 6 MAI 2009
ENTRADA Nº............

D. Tiago Pérez González, con DI nº 35293636K e enderezo a efectos de notificación en Avda. de Bueu nº 37, 3ºA e D. Antonio Fernández Cordeiro, con DI nº 36053534E, no seu propio nome e como representantes do Foro Social de Cangas

EXPOÑEN

Que se están a realizar obras de movemento de terras con maquinaria pesada por parte da empresa PUENTES Y CALZADAS INFRAESTRUCTURAS S.L. na zona de Punta Balea, concello de Cangas, dentro do espazo Cabo Home 6, cualificado como solo rústico de protección de espazos naturais.

A data de 5 de maio foi levantado atestado por parte da Policía Local de Cangas, ao non constar no concello ningunha licenza concedida en esta zona.

Non nos consta tampouco que exista ningún tipo de autorización por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Axúntanse en anexo fotografías de parte dos movementos de terras realizados.

Polo exposto, SOLICITAN

A comprobación dos feitos, a inmediata paralización das obras, a apertura dun expediente sancionador e a reposición da zona ao seu estado orixinal.

Que de acordo co establecido nos artigos 31 e 35 da Lei 30/1992 de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e 11 e 13 do Real Decreto 1398/1993 de 4 de agosto do regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, se nos informe cumpridamente das actuacións levadas a cabo.

Cangas a 6 de maio de 2009

SEÑORA ALCALDESA DO CONCELLO DE CANGAS